

GABRIELA MISTRAL

Lucila Godoy Alcayaga naceu en Vicuña, Chile, en 1889 no seo dunha familia con poucos recursos económicos. Estudou na Escola Normal de Copiapó, onde obtivo o título de Mestra.

Traballa como mestra e colabora en publicacións literarias en diversos xornais e revistas. Será nun destes xornais, "El Coquimbo", onde utilice por vez primeira en 1908 o seudónimo polo que será coñecida universalmente: Gabriela Mistral, nome formado a partir de dos autores aos que admiraba: o italiano Gabriele D'Annunzio e o poeta provenzal Frédéric Mistral.

Como poeta, Gabriela Mistral deuse a coñecer nos Xogos Florais de Chile en 1914 con "*Los sonetos de la muerte*," nacido da dor causada polo suicidio do seu prometido e co que obtén o Premio Nacional de Poesía de Chile.

En 1922 trasládase a México para colaborar nos plans de reforma educativos de José Vasconcelos, político, pensador e escritor mexicano. Neste país publica "*Lecturas para mujeres*", e en Barcelona a antoloxía "*Las mejores poesías*".

En 1924, invitada polo goberno mexicano, viaxa por EEUU e Europa e un ano despois é nomeada secretaria do Instituto de Cooperación Intelectual da Sociedade de Nacións en Xenebra e asiste a diversos congresos por Suíza. Tres anos despois representa a Chile e Ecuador no Congreso da Federación Internacional Universitaria en Madrid e traballa no Consello Administrativo do Instituto Cinematográfico Educativo da Liga das Nacións en Roma.

Durante a década dos 30 dá clases en diversas escolas dos EEUU e viaxa por Centroamérica, colaborando con diversas universidades. En 1933 é nomeada embaixadora de Chile en Madrid, un período no que viaxa por diferentes países.

En 1938 aparece o seu libro de poesía "*Tara*", adicado ás crianzas españolas vítimas da Guerra Civil e en 1954 ve a luz a colección de poemas "*Lagar*", a derradeira que publicou en vida. Postumamente apareceron o poemario "*Poema de Chile*" e a primeira edición das súas "*Poesías completas*", así como diversas antoloxías dos seus versos e recompilacións das súas cartas e textos.

No ano 1945 recibe o Premio Nobel de Literatura pola súa poesía lírica que, inspirada por poderosas emocións, fixo do seu nome un símbolo das aspiracións idealistas de todo o mundo latinoamericano. Convértese así na primeira muller escritora en lingua española en recibir dito galardón.

Gabriela Mistral, poeta, mestra rural, educadora finou en Nova Iork en 1957. Cumprindo os seus desexos, os seus restos mortais foron trasladados a Chile para ser enterrada en Montegrande, onde pasou os seus mellores anos de infancia.

Laura de Dios Pérez

1º Bacharelato B